



**EXPEDIENTE M6/2020
DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCÍONS
NOMINATIVAS DO ORZAMENTO 2020**



M6/2020

**Expediente M6/2020 de modificación do Anexo de Subvencións
nominativas do Orzamento 2020**

MEMORIA DA ALCALDÍA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para elevalo posteriormente ao pleno da corporación o presente expediente, que ten por finalidade a modificación do anexo de subvencións nominativas. Non se modifica o estado de gastos do Orzamento 2020. Modifícase o Anexo en canto que documentación que se une ao Orzamento de acordo co artigo 168.1 do TRLRFL. As modificacións do Anexo de Subvencións, de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación do pleno da corporación que será inmediatamente executiva, tal e como estableceu a Base 6ª das de execución do Orzamento para 2020.

Desde a Área de Mobilidade suscítase a tramitación dunha modificación do anexo de subvencións, baseada en que dúas entidades renuncian a subscribir os convenios nominativos previstos, por mor da crise sanitaria. Trátase da Asociación de Ciclistas Crunia (convenio por importe de 6.000 €) e do Clube Ciclista Riazor para outro convenio polo mesmo importe. Incorpórase ao expediente a renuncia destas entidades á subscripción dos convenios.

Este crédito dispoñible dedícase a un novo convenio nominativo, por ese importe total de 12.000 €, coa Asociación de Empresarios de Agrela, coa fin de realizar unha enquisa de mobilidade aos usuarios, traballadores e clientes do polígono.

II.- A Base 11ª das de execución do Orzamento, en relación coas subvencións, determina que calquera modificación no anexo de nominativas deberá ser aprobada polo pleno. Agora ben, esta aprobación, como se indicou, ao abeiro da Base 6ª, é inmediatamente executiva, sen necesidade do trámite de exposición pública.



III.- No expediente consta a xustificación da proposta efectuada polo servizo xestor para a tramitación deste expediente M6/2020, así como o informe proposta do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos.


IV.- Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento aprobado para rexer no 2020 (M6/2020), para a súa posterior aprobación polo pleno municipal.

O expediente non implica variacións nos estados de gastos nin de ingresos do orzamento, nin supón cambios na distribución por capítulos do mesmo.

Tramítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, 6 de novembro de 2020

A alcaldesa,



Inés Rey García



Asunto: Expediente M6/2020 de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento 2020.

Destino: Xunta de Goberno Local e no seu caso Pleno da Corporación.

Sométese a informe desta Intervención Xeral o expediente de referencia. Examinado o mesmo emítese o seguinte

INFORME.

Proponse modificar o anexo de subvencións nominativas polo importe total de 12.000,00 € e crear unha subvención nominativa a favor da Asociación de Empresarios da Grela para a realización dunha encuesta de mobilidade ós suaurios, traballadores e clientes do polígono de A Grela. O financiamento deste aumento vai con cargo a baixa de dous subvención nominativa por importe cada unha delas de 6.000,00 € derivadas de dous renunicas di a proposta, prevista na mesma aplicación orzamentaria 30.134.48950 na que se crea a nova subvención nominativa.

Para o cambio proposto, que non afecta nin altera o estado de gastos do orzamento vixente e como ben di a oficina orzamentaria xa que se opera na mesma aplicación orzamentaria, so é necesario un único acordo do Pleno da Corporación, sen necesidade de información pública e sen dobre trámite de aprobación, de conformidade coa Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento 2020, xa que no hai alteracións dos créditos nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do exercicio corrente, polo que non implica en se mesmo modificación orzamentaria ningunha, senon só un cambio do anexo de subvencións.

Polo exposto non existe inconvenientes para que continúe o expediente para a súa aprobación polo Pleno do concello.

Non entanto advertimos que a nosa conformidade o é exclusivamente á tramitación da modificación proposta nos términos da normativa orzamentaria, pero non predetermina a calificación e sentido da fiscalización que se exteriorizará no momento que se execute o gasto vinculado co crédito orzamentario. Será neste segundo momento de execución do gasto cando poderemos facer unha valoración atendendo ó expediente completo que se remita. Agora só se trata de dotar orzamentariamente e autorizar, ó aprobar a citada dotación con carácter nominativo, a posibilidade de otorgar unha subvención directamente.

Non entanto, o Pleno resolverá.

É o meu informe.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O INTERVENTOR XERAL.



Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
M6/2020
PLENO

**Expediente M6/2020 de modificación do Anexo de Subvencións
nominativas do Orzamento 2020**

Informe proposta

I.- A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na Sección 2ª do Capítulo II do Real decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). As Bases de Execución do Orzamento conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da Corporación, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións considérense oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos.

Así mesmo atenderase ao disposto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, que modifica a Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Na Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2020, "Vinculacións xurídicas" regúlanse expresamente as modificacións que se pretenden tramitar neste expediente dispoñendo, que cando se trate de modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Investimentos, de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación do Pleno da Corporación que será inmediatamente executiva.

De acordo coa Base 11ª das de Execución do Orzamento municipal, onde se regulan as Subvencións, calquera modificación do Anexo de Subvencións nominativas debe ser aprobado polo Pleno da Corporación. Na devandita base establécese que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento. No suposto que nos ocupa, tramítase unha modificación do Anexo de Subvencións nominativas, mediante a que o servizo de Mobilidade propón que ao renunciar dúas entidades ás subvencións nominativas previstas no orzamento, destínese ese crédito a un novo convenio nominativo, coa Asociación de empresarios de A Grella, coa finalidade específica consistente na realización dunha enquisa de mobilidade aos usuarios, traballadores e clientes do polígono.

Renuncias do Anexo de subvencións aprobado:

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE
30.134 .48950	- 6.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación de Ciclistas Crunia	ASOCIACIÓN DE CICLISTAS CRUNIA	G70513957	Desenvolvemento de campañas, iniciativas e/ou eventos singulares dirixidos á actuación conxunta que mellore a mobilidade potenciando o uso de transportes sustentables e a concienciación en materia de seguridade viaria.
30.134 .48950	- 6.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Club Ciclista Riazor	CLUB CICLISTA RIAZOR	G15541758	Desenvolvemento de campañas, iniciativas e/ou eventos singulares dirixidos á actuación conxunta que mellore a mobilidade potenciando o uso de transportes sustentables e a concienciación en materia de seguridade viaria.

Proposta do M6/2020:

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE
30.134 .48950	12.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación empresarios de A Grela	ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DE A GRELA	G15032634	Realización dunha enquisa de mobilidade aos usuarios, traballadores e clientes do polígono de A Grela

O servizo de Mobilidade Urbana solicita a tramitación desta modificación do Anexo de subvencións nominativas. Entre a documentación que se remite consta a renuncia das dúas entidades á subscrición dos convenios, por considerar que debido á situación de crise sanitaria non se poden realizar as actividades previstas.

O servizo propón destinar o crédito procedente das dúas renuncias (-12.000,00€), a un novo convenio nominativo coa Asociación de Empresarios de A Grela, para a realización dunha enquisa de mobilidade.

Neste expediente M6/2020 propónse unha modificación do Anexo de Subvencións nominativas de 2020, de competencia plenaria que non implica modificación do crédito consignado en 2020, nin modificación da aplicación orzamentaria. Por iso, de acordo coa Base 6ª das de Execución do Orzamento, require unha única aprobación polo Pleno da Corporación.

II. O proxecto de expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do orzamento 2020 que foi aprobado pola Xunta de Goberno

Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
M6/2020
PLENO

Local, segundo consta no certificado que obra no expediente, vén acompañado da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do Expediente.

Elevarase proposta para a súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral por maioría simple dos membros presentes. O expediente non necesita exposición pública (Base 6ª das de Execución do Orzamento de 2020).

III. Conforme á normativa citada, e se V.E. considérao oportuno, sería procedente formular ao Excmo. Concello Pleno, a seguinte:

Proposta de acordo:

1. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2020, incorporando os cambios detallados na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado "Expediente M6/2020. Modificacións do Anexo de Subvencións nominativas".
2. Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, 26 de novembro de 2020

Xefa de Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos,

Conforme:
Director de Economía, Facenda e Réxime Interior,


Belén Blanco de Azpiazu


Manuel Ángel Jove Losada

Vº e pr,
Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior,


José Manuel Lage Tuñas



Secretaría Xeral
Dpto. de Actividade Corporativa
A-7

Manuel José Díaz Sánchez, secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

Asunto. Aprobación do proxecto de expediente M6/2020, de modificación do Anexo de subvencións nominativas do Orzamento 2020.

CERTIFICO: Que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 3 de decembro de 2020, adoptou os seguintes acordos, co voto a favor dos Grupos Municipais do Partido Socialista (9 votos), Partido Popular (9 votos) e da concelleira non adscrita D.^a Mónica Martínez Lema, e a abstención dos Grupos Municipais da Marea Atlántica (5 abstencións), Bloque Nacionalista Galego (2 abstencións) e da concelleira non adscrita D.^a Isabel Faraldo Calvo (1 abstención):

1. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de subvencións nominativas do Orzamento de 2020, incorporando os cambios detallados na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente m6/2020. Modificacións do Anexo de subvencións nominativas.”

2. Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa salvedade prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a resultas do texto definitivo da acta.

A Coruña, 4 de decembro de 2020

Vº e Pr
Concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade

Juan Manuel Díaz Villoslada

(Documento asinado electronicamente)

Manuel José Díaz Sánchez, secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

Asunto. Aprobación del proyecto de expediente M6/2020, de modificación del Anexo de subvenciones nominativas del Presupuesto 2020.

CERTIFICO: Que el Excmo. Ayuntamiento Pleno en sesión ordinaria celebrada el día 3 de diciembre de 2020, adoptó los siguientes acuerdos, con el voto a favor de Grupos Municipales del Partido Socialista (9 votos), Partido Popular (9 votos) y de la concejala no adscrita D.^a Mónica Martínez Lema, y la abstención de los Grupos Municipales de la Marea Atlántica (5 abstenciones), Bloque Nacionalista Galego (2 abstenciones) y de la concejala no adscrita D.^a Isabel Faraldo Calvo (1 abstención):

1. Aprobar el expediente de modificación del Anexo de subvenciones nominativas del Presupuesto de 2020, incorporando los cambios detallados en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M6/2020. Modificaciones del Anexo de subvenciones nominativas.”

2. Facultar a la Excm. Sra. Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales y a resultas del texto definitivo del acta.

A Coruña, 4 de diciembre de 2020

Secretario xeral do Pleno

Manuel José Díaz Sánchez

Expediente M6/2020.
Modificacións do Anexo de Subvencións nominativas

Anexo de Subvencións nominativas aprobado:							
APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE	XESTOR
30.134 .48950	6.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación de Ciclistas Crunia	ASOCIACIÓN DE CICLISTAS CRUNIA	G70513957	Desenvolvemento de campañas, iniciativas e/ou eventos singulares dirixidos á actuación conxunta que mellore a mobilidade potenciando o uso de transportes sustentables e a concienciación en materia de seguridade viaria.	Mobilidade e accesibilidade
30.134 .48950	6.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Club Ciclista Riazor	CLUB CICLISTA RIAZOR	G15541758	Desenvolvemento de campañas, iniciativas e/ou eventos singulares dirixidos á actuación conxunta que mellore a mobilidade potenciando o uso de transportes sustentables e a concienciación en materia de seguridade viaria.	Mobilidade e accesibilidade
Modificación do Anexo de Subvencións nominativas Expediente M6/2020:							
APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE	XESTOR
30.134 .48950	-6.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación de Ciclistas Crunia	ASOCIACIÓN DE CICLISTAS CRUNIA	G70513957	Baixa do convenio para Desenvolvemento de campañas, iniciativas e/ou eventos singulares dirixidos á actuación conxunta que mellore a mobilidade potenciando o uso de transportes sustentables e a concienciación en materia de seguridade viaria, por renuncia da entidade	Mobilidade e accesibilidade
30.134 .48950	-6.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Club Ciclista Riazor	CLUB CICLISTA RIAZOR	G15541758	Baixa do convenio para Desenvolvemento de campañas, iniciativas e/ou eventos singulares dirixidos á actuación conxunta que mellore a mobilidade potenciando o uso de transportes sustentables e a concienciación en materia de seguridade viaria, por renuncia da entidade	Mobilidade e accesibilidade
30.134 .48950	12.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación empresarios de A Grela	ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DE A GRELA	G15032634	Realización dunha enquisa de mobilidade aos usuarios, traballadores e clientes do polígono de A Grela	Mobilidade e accesibilidade